

DECRETO

Expediente núm.: 3031/2021

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vistas as bases xerais para a cobertura con carácter definitivo dun posto de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola, vacante na Plantilla de persoal funcionario deste Concello encadrada no Grupo A, Subgrupo A2, Escala Administración Especial, Subescala Técnico Medio, polo procedemento de oposición libre, publicadas no BOP n.º 88 de 9 de maio de 2022.

Vistas as Actas do Tribunal do proceso selectivo realizado os días 16 e 30/01/2024 e 27 /03/2024 e as Actas de resolucións reclamacións os días 22/01/2024 e 12/03/2024.

Vista a Acta número 9 do 12/03/2024, resolución das alegacións presentadas contra o exercicio práctico e cualificación definitiva, na que se expón o seguinte:

"En consecuencia, o tribunal desestima todas e cada unha das alegacións presentadas e, de acordo coas bases reguladoras do proceso selectivo:

1º. Confirma como definitiva a puntuación de 3,30 puntos outorgada a Don Raúl Sotelo Cabral no 3º exercicio, polo que, non acadando o mínimo de 5 puntos necesarios para aprobalo, queda eliminado do proceso selectivo.

2º. Propón á Alcaldía declarar deserto o proceso selectivo para cubrir en propiedade, por oposición libre, unha praza de enxeñeiro técnico agrícola incluída como persoal funcionario na oferta de emprego público do ano 2021"

RESOLUCIÓN

Declárase deserto o proceso selectivo para cubrir en propiedade unha praza de Enxeñeiro /a Técnico/a Agrícola (persoal funcionario) polo sistema de oposición libre, vacante no cadro de persoal do Concello da Estrada, incluída na oferta de emprego público do ano 2021 por non ter superado ningún aspirante o terceiro exercicio obrigatorio e eliminatorio cunha puntuación mínima de 5 puntos.

Así mándao e asínao, o Alcalde, na Estrada do que da fe a Secretaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

